



## MEDIDAS A APLICAR NAS EXPLOTACIÓNS AVÍCOLAS EN CONCELLOS INCLUIDOS EN ZONA DE ESPECIAL RISCO (ZER) EN RELACIÓN Á INFLUENZA AVIARIA

- **Prohíbese a cría de aves ao aire libre:** todos os propietarios de aves deben recluír as súas aves en instalacións pechadas a cuberto. Se isto non fora posible, por non dispoñer desta instalacións, poderíase autorizar o mantemento das aves no exterior sempre que existan teas paxareiras ou calquera outro dispositivo que impida o acceso de aves silvestres e sempre que se alimente e dea de beber ás aves domésticas no interior das instalacións ou cubertos que impidan a chegada de aves silvestres, e que estas non teñan contacto coa auga ou alimento destinados ás aves domésticas.
- **Prohíbese a cría de parrulos, gansos ou ocas con outras especies** de aves de curral.
- Prohíbese **darlles ás aves de curral auga procedente de depósitos superficiais, fontes ou outras orixes** ás que puideran ter accedido aves silvestres.
- Os **depósitos de auga e alimento** que puidera haber no exterior para as aves domésticas deberán ser **protexidos** para impedir que poidan acceder as aves silvestres.
- Quedan tamén **prohibidas as concentracións** de calquera tipo, comercial ou non, tanto de aves de curral como doutras aves distintas ás de curral (p. ex. aves ornamentais e similares).
- Queda prohibido o **uso de reclamos de caza** con aves do tipo anátidas (parrulos e similares) e charadriiformes (gaivotas e similares).
- É obrigatoria a **inscrición dos currais familiares nun rexistro administrativo** que conterà exclusivamente os seguintes datos.
  - Identificación do propietario e enderezo da explotación.
  - Número habitual de aves e especie ou especies á que pertencen.
  - Sistema de cría: pechado (se nunca saen ao exterior), aberto (están permanentemente no exterior ou mixto (as aves saen ao exterior e dormen no interior)).
- Calquera **sospeita de influenza aviaria nas aves da explotación deberá ser comunicada** aos Servizos Veterinarios Oficiais, directamente ou a través do veterinario da explotación, se o tiveran. Actuarase igualmente no caso de sospeita en aves silvestres.

Como información complementaria achéganse as seguintes **recomendacións**:

- As persoas relacionadas con granxas avícolas comerciais que posúan tamén unha explotación avícola de tipo curral familiar, deben evitar ter contacto con aves dunha e outra explotación sen previamente tomar as axeitadas medidas de bioseguridade (lavado de roupa, lavado de mans...) especialmente se as aves do galiñeiro familiar teñen posibilidade de contactar con aves silvestres silvestres.
- As persoas titulares ou traballadoras en explotacións e currais avícolas de calquera tipo, se realizan actividade cinexética de caza menor de aves, deben manter as citadas adecuadas prácticas de bioseguridade unha vez finalizada a actividade cinexética, procurando no entrar en contacto coas aves domésticas da súa propiedade.

